

Convenio	Data de sinatura	Importe €	
		2008	2009
Convenio de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, subscripto entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.	4-11-2008	Sen achega económica	
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica, a Confederación de Empresarios de Galicia e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da Coruña para a realización da quincena de Galicia nos grandes almacéns Palacio de Hierro en México.	14-11-2008	15.000	521.000
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a <i>Asociación Comité Executivo Exposición Mundial da Pesca para a celebración da World Fishing Exhibition Vigo 2009</i> .	14-11-2008	25.280	125.430
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e diversas entidades financeiras para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva.	24-11-2008	Sen achega económica	
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Universidade de Vigo para o financiamento do máster en comercio internacional 2008-2009.	2-12-2008	15.000	50.000
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a <i>Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento para o deseño e posta en marcha do Observatorio da Competitividade</i> .	12-12-2008	300.000	—
Addenda ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as sociedades de garantía recíproca AFIGAL e SOGARPO para facilitar o financiamento das pequenas e medianas empresas con centros de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.	19-12-2008	4.000.000	—

*Resolución do 3 de marzo de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras do programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas (programa Innoempresa) en Galicia, adaptándoas ao Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías, e se procede á convocatoria para o exercicio 2009, en réxime de concorrencia competitiva, das liñas de axuda previstas nestas bases.*

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 22 de febreiro de 2007, acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación das bases reguladoras do programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas (programa Innoempresa) en Galicia, publicadas mediante Resolución do 9 de maio de 2007 (DOG nº 96, do 21 de maio).

Estas bases establecen no seu artigo primeiro, terceiro parágrafo, que as bases poden estar suxeitas a cambios derivados da modificación ou substitución da regulamentación e disposicións en cuxa virtude foron ditas.

Como queira que o Regulamento (CE) 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas (DOUE L 10, do 13 de xaneiro de 2001), foi substituído polo Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), as bases reguladoras deben ser adaptadas ao previsto no novo regulamento, sen que sexa preciso modificar o Real decreto 1579/2006, do 22 de decembro, polo que se establece o réxime de axudas e o sistema de xestión do programa Innoempresa, xa que no seu artigo 3.1º se establecía que a súa aplicación con posterioridade ao 30 de xuño de 2007, se rexería polo regulamento que substituíse o citado Regulamento 70/2001. En consecuencia, o Consello de Dirección do Igape na súa xuntanza do 23 de

setembro de 2008 habilitou o director xeral para realizar mediante resolución os cambios necesarios para adaptar as bases de axuda do Igape ao citado Regulamento 800/2008.

Así mesmo, faise preciso adaptar as bases reguladoras á vixente normativa autonómica de subvencións públicas. En consecuencia, o Consello de Dirección do Igape na súa xuntanza do 2 de febreiro de 2009 habilitou o director xeral para realizar mediante resolución os cambios necesarios para adaptar as bases de axuda do Igape á dita normativa.

As devanditas bases tamén prevén que as convocatorias de axudas, que conterán en todo caso o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados a elas, serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

#### RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a seguinte modificación das bases reguladoras do programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas (programa Innoempresa) en Galicia, publicadas mediante Resolución do 9 de maio de 2007 (DOG nº 96, do 21 de maio), adaptándoas ao Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

-Modifícase o artigo 1, segundo parágrafo, que queda redactado do seguinte xeito:

«Estas axudas convócanse en virtude do disposto no Real decreto 1579/2006, do 22 de decembro, polo que se establece o réxime de axudas e o sistema de xestión do programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas (Innoempresa) 2007-2013 e de conformidade co Regulamento (CE)

nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías)».

-Modifícase o artigo 3, punto 3, que queda redactado do seguinte xeito:

«3.3. Non se aplicarán ás actividades relacionadas coa produción primaria de produtos agrícolas recollidos no anexo I do Tratado CE, nin á fabricación e comercialización de produtos agrícolas cando a axuda repercute total ou parcialmente sobre os produtores primarios (agricultores ou gandeiros)».

-Engádense os puntos 7 e 8 no artigo 3:

«3.7. Non poderán recibir axudas as empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación tras unha decisión previa da Comisión Europea que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

3.8. Non poderán recibir axudas as empresas en crise».

-Modifícase o artigo 5, puntos 6 e 7, que quedan redactados do seguinte xeito:

«5.6. A subvención poderá chegar ata o 40% dos investimentos subvencionables, e ata o 50% se se dirixe exclusivamente a pequenas empresas, sen superar as limitacións especificadas nos puntos anteriores. Para os restantes gastos subvencionables a axuda poderá chegar ata o 50%. Os límites máximos de subvención aos investimentos só serán aplicables se a axuda se concede coa condición de que a contribución do beneficiario ao seu financiamento sexa como mínimo do 25%.

5.7. No caso de que existan investimentos subvencionados no proxecto, os ditos investimentos deberán manterse na empresa beneficiaria durante polo menos 3 anos contados desde o remate do investimento na súa totalidade».

-Modifícase o artigo 8, punto 2, que queda redactado do seguinte xeito:

«8.2. Só serán subvencionables aqueles gastos que de xeito inequívoco respondan á natureza da actividade subvencionada. O período de cobertura dos gastos e investimentos subvencionados, relativos ás actividades dos proxectos, denomínase prazo de vixencia e abranguerá desde a data de solicitude de axuda ata o remate do prazo establecido na resolución de concesión. En ningún caso, os custos de adquisición que sexan gastos subvencionados poderán ser superiores aos valores de mercado».

-Modifícase o artigo 17, punto 8, que queda redactado do seguinte xeito:

«17.8. O reintegro voluntario polo interesado, en calquera momento anterior á proposta de resolución, producirá a terminación do procedemento, sen prexuízo de que se dite resolución pola que se declare

a dita circunstancia e da iniciación do procedemento sancionador cando os feitos que motivaron o procedemento de reintegro puidesen ser constitutivos de infracción administrativa segundo o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia».

-Substitúese o anexo III polo que se publica con esta resolución.

Segundo.-Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, as liñas de axuda das bases reguladoras do Programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas (programa Innoempresa) en Galicia, publicadas mediante Resolución do 9 de maio de 2007 (DOG nº 96, do 21 de maio), cuxo prazo de presentación de solicitudes se abrirá ao día seguinte da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e se pechará aos 50 días naturais; no caso de coincidir o inicio ou o remate do prazo en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela o prazo trasladarase ao día hábil seguinte.

Terceiro.-Os créditos dispoñibles para concesións no exercicio 2009 ascenden a 4.500.000 euros, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 02.02-E4/10/02-656.

Cuarto.-Á vista do volume das solicitudes presentadas para cada liña e mediante resolución, o director xeral do Igape poderá redistribuír entre elas os créditos aprobados, os cales tamén poderán ser ampliados e as partidas orzamentarias modificadas mediante resolución publicada para o efecto.

Quinto.-Os requisitos das letras c), e), f), h), i), j), k), l), m) e n) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cítanse nas bases reguladoras do Programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas (programa Innoempresa) en Galicia publicadas mediante Resolución do 9 de maio de 2007 (DOG nº 96, do 21 de maio).

Sexto.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica

### ANEXO III

#### Custos máximos de persoal, viaxes e aloxamento

Custo salarial máximo subvencionable e axudas de custo de viaxe do persoal do organismo intermedio.

Categoría	Salario bruto	Gastos S.S. a cargo da empresa	Total salario	€/h. (1.800 h/ano)	Viaxes (aloxam./día)	Automóbil prop. (€/km)
Director técnico/proxecto	77.163,86	11.360,33	88.524,19	49,18	118,71	0,26
Técnico sénior	61.731,09	11.360,33	73.091,41	40,61	73,63	0,26
Técnico júnior	46.298,32	11.360,33	57.658,64	32,03	73,63	0,26
Técnico medio	38.581,93	11.360,33	49.942,26	27,75	73,63	0,26
Auxiliares de laboratorio	23.149,16	6.921,60	30.070,76	16,71	55,60	0,26